



Concello de Monterroso

ACTA DE REALIZACIÓN DE ENTREVISTAS E VALORACIÓN DE MÉRITOS DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DUN PEÓN, PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE MONTERROSO CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE XULLO DE 2016.

LUGAR: Salón de sesións do Concello

DÍAS: 17 de outubro 2016.

CONVOCATORIA: Decreto de Alcaldía de 10 de outubro de 2016.

As 10:30 horas reúnen os membros do Tribunal de selección, baixo a presidencia de Blanca María Vázquez Enríquez, tesoureira do Concello de Monterroso, os vogais, Miguel Calvo Rodríguez, Salomé Santalla Carbajal e José Luis Mato Vázquez, empregados públicos do Concello de Monterroso, actuando como secretario o do Concello, Froilán Pallín Seco, para a valoración dos méritos e seguidamente a entrevista curricular dos aspirantes, acordando o Tribunal establecer os seguintes criterios en canto ó desenvolvemento da entrevista que se recolle nas bases da convocatoria:

A base sétima di:

"5.- . Entrevista persoal a fin de concretar a idoneidade do/a candidato/a para o adecuado desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado. A puntuación máxima a obter por este apartado será de 5 puntos".

Para outorgar as puntuacións adoptaranse a mesma escala e mesmos criterios de valoración para todos os candidatos, con asignación dos puntos no momento de rematar a entrevista.

Por unanimidade o Tribunal acorda realizar as seguintes **preguntas**, optando por que sexan preguntas abertas e non pechadas, nen dirixidas, coa finalidade que os candidatos expresen con liberdade o que consideren en cada caso:

- 1.- Disponibilidade para a incorporación inmediata e réxime de traballo.
- 2.- Funcións dun peón de obras
- 3.- Que tarefas debería realizar no Cemiterio Municipal

Acto seguido, procédese á valoración dos méritos alegados polos solicitantes, de conformidade con canto se establece nas bases da convocatoria. Logo do exame da documentación presentada o tribunal atribúe a seguinte puntuación de acordo do establecido nas bases de convocatoria:



Concello de Monterroso

PEONS DE OBRAS PUBLICAS	Formación	Galego	Demand.Empleg.	Responsab.Fam	Entrevista	Total
María Jesús Carballo Coto	0	0	0	0	1	1
José Manuel Conde López	0	0	0	0	3	3
Isabel Díaz Rojo	0	0	0,8	0,5	3	4,3
Heriberto Dieguez Vázquez	0	0	0	0	0	0
Mónica Fernández Vázquez	0,1	0,5	0,8	1	4	6,4
Oscar Luis García García	0,1	0	2	1	3	6,1
Manuel Angel García López	1,1	0,75	2	0	3	6,85
Felix Novo Expósito	0	0	0	0	0	0
Felix Núñez Teijeiro	0	0	1,3	0,5	3	4,8
Cesareo Varela Vázquez	0,7	0	2	0,5	3	6,2

1. **Formación:** Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 5,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

1.a) Cursos de máis de 200 horas: 1 punto

1.b) Cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos.

1.c) Cursos de 71 a 100 horas: 0,50 puntos.

1.d) Cursos de 40 a 70 horas: 0,35 puntos.

1.e) Cursos que 15 a 39 horas: 0,20 puntos.

1.f) Cursos de menos de 15 horas: 0,10 puntos.

1.g) Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

2. **Coñecemento do idioma galego:** Computándose unicamente o grao superior alegado e concédese validez tan so pos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:

2.a) Celga 1: 0,25 puntos.

2.b) Celga 2: 0,50 puntos.

2.c) Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,75 puntos.

2.d) Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 1,00 puntos.

3. **Inscripción como demandantes de emprego:** Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 2,00 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación nisto parágrafo será de 0 puntos.

4.- **Por responsabilidades familiares** (entendendo por tal ter a cargo o cónxuxe, fillos e fillas menores de 26 anos, ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento) 0,50 puntos por cada carga cun máximo de 2 punto.

Da suma de todas as cualificacións resulta o seguinte resultado por orde decrecente:



Concello de Monterroso

PEONS DE OBRAS PUBLICAS	Formación	Galego	Demand. Empreg.	Responsab. Fam.	Entrevista	Total
Manuel Angel García López	1,1	0,75	2	0	3	6,85
Mónica Fernández Vázquez	0,1	0,5	0,8	1	4	6,4
Cesareo Varela Vázquez	0,7	0	2	0,5	3	6,2
Oscar Luís García García	0,1	0	2	1	3	6,1
Felix Núñez Teijeiro	0	0	1,3	0,5	3	4,8
Isabel Díaz Rojo	0	0	0,8	0,5	3	4,3
José Manuel Conde López	0	0	0	0	3	3
María Jesús Carballo Coto	0	0	0	0	1	1
Heriberto Dieguez Vázquez	0	0	0	0	0	0
Felix Novo Expósito	0	0	0	0	0	0

O Tribunal, unha vez efectuada a suma das puntuacións obtidas, acorda a publicación da relación de aspirantes pola orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios e na páxina web www.monterroso.es e a súa elevación ao alcalde do Concello de Monterroso para a súa aprobación.

Así mesmo, outórgase un prazo de **2 días hábiles** ós aspirantes ós efectos de revisión e reclamacións que estimen oportunas.

Rematado o acto, sendo as doce trinta horas do día 17 de outubro de dous mil dezaseis, asínase polos que interveñen a presente acta en dous exemplares no lugar e data ó comezo sinalados.

A presidenta do Tribunal

O secretario do Tribunal

Os vogais